



SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

COMPETENCIAS DAS ENFERMEIRAS NA ATENCIÓN XERONTOLÓXICA.

Documento elaborado por Eva M^a Carro Fernández. Vogal de Enfermería. SGXX

O obxectivo fundamental das competencias das enfermeiras no ámbito da atención ás persoas maiores, é proporcionar atención integral a este grupo de poboación no conxunto das necesidades, en calquera situación na que se encontre, xa sexa en institucións específicas, no domicilio ou na atención comunitaria.

Para a consecución deste obxectivo será preciso ca enfermería:

- 1- Se responsabilice do proceso de coidados, é dicir que sexa capaz de garantir a atención individualizada á persoa maior, utilizando un método sistemático e organizado, valorando súas necesidades, limitacións, recursos e posibilidades de funcionamento autónomo, o que lle permita priorizar os problemas e establecer un plan de atención adaptado á problemática detectada, establecendo obxectivos realistas e alcanzables pola persoa maior e a súa familia que lle permitan manter ou recuperar o maior grao de autonomía ó que poida optar, avaliando os resultados da súa intervención.
 - Valoración Xeriátrica integral. Planificación de coidados
 - Valoración psicoxeriátrica. Planificación de coidados
 - Planificación de actividades de prevención e promoción da saúde.
 - Realización de exames periódicos de saúde
 - Informar e integrar nos coidados a os familiares das persoas maiores.

- 2- Desenvolva actividades de prevención da enfermidade ou de problemas derivados, tendo en conta as situacións de fragilidade na que se encontran a maioría das persoas maiores, identificando situacións de risco , aconsellando sobre o mantemento da saúde, a recuperación das diferentes enfermidades ou ben o seguimento dos tratamentos en situacións crónicas e de axuda persoal no proceso da morte.
 - Realización de técnicas de enfermería e controles adecuados para a atención sanitaria dos maiores:
 - Control e rexistro das constantes biolóxicas con relevancia clínica detectadas (tensión arterial, pulso, frecuencia cardíaca, frecuencia respiratoria, saturación de oxíxeno).



SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

- Control da dieta, da inxesta e das excretas. Control de peso.
 - Control da hixiene corporal e cuidados da pel.
 - Realización de eximen complementarios e probas diagnosticas (electrocardiogramas, glucemias, tiras reactivas de orina, mantoux).
 - Realización de extraccións sanguíneas e de mostras de orina por sondaxe vesical para análises clínicas.
 - Colocación e cuidados de sondaxe nasogástrico.
 - Cambios de sonda de gastrotomía.
 - Tacto rectal e extracción de fecalomas.
 - Extracción de tapóns de cerume.
 - Prevención, control e tratamento das úlceras por presión.
 - Curas das feridas quirúrxicas e úlceras varicosas.
 - Suturas de feridas.
 - Oxixenoterapia.
 - Aspiracións de secrecións.
 - Aplicación de nebulizacións.
 - Realización de vendaxes e inmovilizacións.
-
- Atención das urxencias sanitarias.
 - Realización das campañas de medicina preventiva. Vacinación da gripe estacional. Vacinación antitetánica. Vacinación antineumocócica.
 - Control y aplicación do protocolo para patoloxías crónicas: Demencia, cardiopatías, respiratorias, diabetes mellitus, hipertensión arterial.
 - Control e rehabilitación da incontinencia.
 - Preparación e aplicación de tratamentos farmacolóxicos:
 - Nebulizados
 - Orais
 - Tópicos
 - Oftalmolóxicos.
 - Parenterais.
 - Subcutáneos.
 - Rectais.
 - Vaxinais.
 - Seroterapia e intravenosos



SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

- 3- Participe do traballo en equipo interdisciplinar para ofrecer e dar atención integral, definido e formulando súa especificidade na atención as persoas maiores, asumindo o rol que lle corresponde en cada circunstancia, intercambiando e aportando a outros profesionais as opinións, coñecementos e experiencias en calquer ámbito de actuación.
- 4- Realice o análises continuado da súa actividade específica, mediante a investigación, para mellorar a calidade da atención que proporciona e fomentando ao máximo a formación no ámbito da xerontoloxía, entre os enfermeiros, os cuidadores e outros grupos sociais.
- 5- Asuma a responsabilidade da súas decisións e accións, centrando a súa praxis profesional no respecto á persoa maior a súa familia, e emprenda as medidas destinadas a preservalos de riscos e axudarlles a superar as dificultades da saúde, axustando as decisións e comportamentos a os principios bióticos de beneficencia, no maleficencia, autonomía e xustiza.